

A comunicación visual é un proceso a través do cal se transmiten mensaxes por medio de imaxes fixas ou en movemento.

ELEMENTOS BÁSICOS DA COMUNICACIÓN VISUAL

Emisor: Transmisor que desexa realizar unha comunicación. Pode ser unha persoa ou un grupo de persoas.

Mensaxe: Comunicación que o emisor quere facer.

Obxectivo: Finalidade que o emisor pretende conseguir a través da súa imaxe.

Estrutura: Contido visual, temática e estilo artístico da mensaxe.

Receptor: Persoas ou organizacións destinatarias das mensaxes. (fig. 1)

Medio: Soporte ou canle de comunicación a través do cal se transmiten as mensaxes.



(fig. 1)

SISTEMAS E ASPECTOS DA COMUNICACIÓN VISUAL

Linguaxe visual: Sistema de comunicación que utiliza como medio de expresión as imaxes.

Código visual: Conxunto de signos e normas que utiliza a linguaxe visual, segundo os cales se dá significado a unha mensaxe visual.

Metáforas visuais: Recursos gráficos ou espaciais que, no código visual, se empregan para simbolizar recordos, expresar situacións ou suxerir sensacións ou emocións. (fig. 2)

Percepción visual: Proceso durante o cal unha persoa recibe un conxunto de estímulos visuais.

Efectos visuais: Aspectos estruturais cuxa finalidade é atraer a atención do receptor.

Proximidade e semellanza.
Continuidade.
Destaque.
Homoxeneidade.



(fig. 2)

FINALIDADE DAS IMAXES

Finalidade informativa: Comunicar noticias, describir feitos ou situacións, indicar accións, direccións ou espazos, ou identificar persoas ou empresas.

Finalidade exhortativa: Convencer.

Finalidade recreativa: Entreter.

Finalidade estética: Espertar a admiración. (fig. 3)



(fig. 3)

Palabras clave

- **Bosquexo:** debuxo preparatorio, en calquera disciplina artística, que serve para ir dando forma a unha idea.
- **Cuché:** papel de superficie lisa e brillante.
- **Estilo artístico:** maneira persoal de representar as formas.
- **Exhortar:** incitar a alguén con palabras, razóns e rogos a que faga ou deixe de facer algo. No campo da comunicación visual refírese ás imaxes cuxa mensaxe visual incita a comprar, a ir a un determinado evento ou a modificar costumes.
- **Evento:** acto programado, de carácter social, académico, artístico ou deportivo, especialmente o que vai dirixido a un gran número de persoas.
- **Logotipo:** distintivo formado por letras, abreviaturas etc., pertencente a unha empresa, conmemoración, marca ou produto.
- **Metáfora:** recurso literario que consiste en substituír un termo por outro sempre que entre eles se estableza unha relación de semellanza.
- **Pictograma:** representación cun significado nun sistema de escritura de figuras ou de símbolos.
- **Tipográfico:** relativo ao deseño especializado na creación de modelos de letras.